



FUNCIÓNS, PRAZOS E NORMAS PARA AS PERSOAS ARGÜENTES

Antes do Congreso

- Os traballos dos/das argüentes serán realizados baixo encarga da Comisión organizadora.
- Poderán reformular á vontade o título e os contidos da súa comunicación, sempre en comunicación coa persoa que coordina a súa mesa para evitaren sobreposicións ou reiteramento de contidos coas outras mesas.
- Antes do **15 de xaneiro de 2020** deberán enviar a documentos@congresodoteatro.gal o texto da súa comunicación de maneira que poda ser publicada con suficiente antelación na páxina web do congreso antes da celebración da mesa: www.congresodoteatro.gal
- Para evitar traballos posteriores, recoméndase que as comunicacións escritas dos argüentes se adapten as normas de edición publicadas na web do Congreso [acesíbel aquí](#).

Durante o Congreso

- As mesas terán unha dinámica moi concreta, afastada dos formatos consistentes na lectura sucesiva de comunicacións.
- Previamente á súa celebración, os integrantes da mesa e as persoas interesadas en asistir e participar na mesma terán ao seu dispor os textos das/dos argüentes.
- Cada unha das mesas iniciarase cunha presentación da persoa moderadora que após unha panorámica en aberto dos contidos dará paso a cada unha/un das/dos argüentes.
- As/os argüentes lembrarán as ideas centrais e as conclusións da súa comunicación, os puntos que fican en aberto e os aspectos que presentan á consideración das persoas presentes, de modo a abrir un debate en que o auditorio poda achegar novas ideas ou interpelar sobre as lanzadas polas/os argüentes.

Após o Congreso

- Inmediatamente despois da celebración da mesa, os textos das comunicacións serán retirados da web do Congreso e as/os argüentes terán un prazo dun mes para as revisaren e incluíren nas mesmas, se así o consideraren e sempre segundo o seu criterio, as ideas que tivesen xurdido no diálogo da mesa.
- O texto final para a súa publicación deberá cumprir coas normas de edición recollidas na páxina web do Congreso [acesíbel aquí](#)
- As/os argüentes enviarán a versión definitiva ao enderezo electrónico documentos@congresodoteatro.gal
- As comunicacións serán publicadas polo Consello da Cultura Galega en formato dixital e con todas as garantías académicas.
- As comunicacións dos/as argüentes serán remuneradas dentro dos parámetros universitarios destes tipo de traballos.
- A participación dos/as argüentes será certificada como argüentes invitados/as.

A Academia Galega de Teatro non recusa a posibilidade dunha edición física dos textos.